

CORRELINGUA 2011

BASES PARA O CONCURSO DE ELABORACIÓN DO MANIFESTO.

DESCÁRGAAAS AQUÍ EN PDF

1. Pode participar todo o alumnado de **Educación Secundaria Secundaria e Postobrigatoria** menor de 20 anos, de calquera centro de Galiza.

2. A participación no concurso será **EN GRUPO** e o premio será para todo o grupo, preferibelmente unha aula completa.

3. O manifesto deberá estar de acordo cos **OBXECTIVOS** xenéricos do Correlingua, que son:

- Propiciar a reflexión sobre a situación da lingua galega e a importancia de activar as accións en prol dela.
- Sensibilizar a sociedade, a través da poboación xuvenil, da importancia da defensa da lingua galega.
- Asociar a reflexión lingüística a actividades colectivas, lúdicas e amenas e interdisciplinares.

Ademais **deberá terse en conta o lema desta convocatoria: SOMOS GALEGO**

4. A extensión do manifesto será dun máximo de 500 palabras e deberá desenvolver total ou parcialmente a idea do lema do ano 2011.

5. Os centros deberán formalizar a inscrición a través do formulario activo na páxina web http://www.correlingua.org/apuntate_manifesto.aspx antes do día **1 de febreiro de 2011**. Nesa inscrición farase constar o número de persoas que compón o grupo e tamén a etapa educativa. O texto do manifesto deberá ser enviado antes do **15 de febreiro de 2011** por correo ordinario a:

CORRELINGUA
A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
RÚA DO VILAR 15, 1º DTA.
15705, Santiago de Compostela

Tamén se enviará o texto en CD ou pen drive, e nun formato compatíbel cos procesadores de texto máis estendidos (DOC, RTF, etc). O envío farase con pseudónimo. Dentro do mesmo sobre incluírase outro en que consten os seguinte dados dos participantes:

- Nome de todos os compoñentes do grupo
- centro escolar a que pertencen e
- teléfono de contacto.
- Profesorado responsábel.

6.- O xurado estará composto por cinco persoas propostas pola Comisión Organizadora. Os membros do xurado non poderán ter relación cos centros escolares participantes. A decisión do xurado será inapelábel.

7. O premio para o grupo gañador consistirá nunha viaxe.

8. O traballo do grupo gañador será lido nas festas finais do Correlingua 2011.

9. Os traballos que non resulten premiados poderán ser publicados na páxina web do Correlingua.

10. Os traballos premiados poderán ser reproducidos en campañas publicitarias e divulgativas do Correlingua. Para estes efectos os autores cederán os dereitos de reprodución á organización do Correlingua.

11. A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases.